



LEANDRO LAMAS

Leandro Lamas é un artista con obras cheas de cores alegres, fantasía e formas redondeadas e amorosas que un neno entende á perfección. Isto mesmo é o que fascina a todo o que descobre a obra do pintor, ilustrador, muralista, escenógrafo e actor ocasional de teatro. Leandro é un artista grande con alma de neno cunha capacidade de contar historias a través dos seus debuxos.

Esta semana vamos a coñecer un pouco máis a este gran ARTISTA.

Para iso, primeiro vamos a ler un poema dedicado a Leandro.

POEMA A LEANDRO

Leandro Leandriño,
que bonitos son os teus cadriños.
Cores coloríños,
dende o branco ata o azuliño.
O día e a noite
nos teus cadros están
inverno e primavera,
cantas cousas podes pintar.

Contesta ás seguintes preguntas sobre o poema de Leandro.

1. Cantos versos ten este poema?
2. Que palabras riman?
3. Por que o sabes?

Inventa un poema de 5 versos usando as seguintes rimas. Lembra que as palabras que riman sempre van ao final de cada verso.

LEANDRIÑO BONITIÑO PINTAR ESTAR

O último verso vai sen rima.

Se prefires podes inventar outras palabras que rimen.





